



Apreciado compañeiro, apreciada compañeira:

Este é o comunicado do Consello da Avogacía Galega sobre a folga dos funcionarios de xustiza:

Desde o inicio da folga indefinida dos funcionarios de xustiza -da que tivemos noticia a través dos medios-, a avogacía galega mostrou profunda preocupación polas consecuencias que podería provocar no funcionamento dun servizo xa afectado de deficiencias, cuxa corrección vimos demandando desde hai tempo desde os Colexios, Consello da Avogacía Galega, e Consejo General de la Abogacía Española.

O respecto ao lexítimo dereito de folga exercido polos traballadores dos xulgados e tribunais galegos e a consideración que as partes merecen en orde a presumirles a capacidade de dialogar, negociar e resolver o conflito, motivaron a neutralidade que desde o principio mantivo a avogacía.

A neutralidade foi unha postura criticada, pero foi meditada e nada estraña en quen traballamos precisamente na solución de conflitos, mediando, asesorando, conciliando, ou defendendo. As reivindicacións, as medidas adoptadas para satisfacelas, o conflito e os métodos de solución -materias sobradamente coñecidas polos avogados- estaban en mans das partes protagonistas: Comité de Folga e Xunta de Galicia. Correspondíanos a nós confiar en que as manexarían coa responsabilidade, habilidade e prudencia suficiente e que alcanzarían un acordo.

A paciencia inicial incluso resultou xustificada cando soubemos, tamén polos medios de comunicación, que ambas partes resolveran satisfactoriamente algunhas das reivindicacións, e que mantiñan o diálogo aberto en prol dunha solución consensuada para o resto. Pero, rotas as negociacións, volveu, co desconcerto, a inquietude ante a incerteza dun final próximo a unha situación cuxa prolongación no tempo incrementa exponencialmente os prexuízos que a paralización do servizo da xustiza causa á sociedade e ao Estado de Dereito.

Retomadas as negociacións sen éxito, o Consello da Avogacía Galega, mantendo a debida neutralidade e sen ánimo de interferir, prestouse a ofrecer fórmulas de solución do conflito, co incuestionable propósito de procurar a máis pronta solución á situación. O paro, prolongado a máis de 75 días, está a provocar gravísimas consecuencias, non xa ás partes implicadas ou aos profesionais da avogacía e da procura, directamente afectados na súa actividade diaria, senón a quen o servizo da xustiza vai destinado: a cidadanía, espectadora dunha continuada vulneración ao seu dereito á tutela xudicial efectiva.

Con tal fin, desde o Consello promoveuse a última reunión mantida, celebrada o pasado 17 de abril, na que, ante a nosa perplexidade e por razóns alleas á avogacía galega, as partes acabaron



levantándose da mesa sen acordo nin achegamentos e, o que é peor, coas negociacións interrompidas *sine die*.

Lamentablemente, a avogacía galega non pode permanecer por máis tempo esperando pacientemente unha solución que non se ve chegar, mentres a cidadanía e os nosos clientes padecen os irreparables prexuizos dunha situación que non comprenden, e que nós mesmos nos vemos obrigados a explicarlles.

O noso indubidable sacrificio, pois como profesionais autónomos non podemos recuperar o prexuízo económico padecido, nin sequera é comparable co gravísimo prexuízo que sofre a sociedade cunha Xustiza detida.

Non está nas nosas mans a solución, pero si é a nosa responsabilidade defender os dereitos dos nosos clientes e evitarlles prexuizos inxustos.

Por esa razón, o Consello remitiu comunicacións a todas as instancias involucradas na administración de xustiza, esixindo o efectivo cumprimento dos servicios mínimos, e a súa ampliación se fose preciso; axilidade nas tramitacións dos asuntos urxentes; eficacia nas resolucións dos inaprazables, e atención e respecto na prestación do servizo da Xustiza.

A avogacía galega esixe unha xustiza próxima, áxil, eficaz e atenta, que cumpra respectuosamente as expectativas que a cidadanía ten nela, que garanta os seus dereitos, e que non lesione o que avala todos eles: o dereito á tutela xudicial efectiva.



Desde el inicio de la huelga indefinida de los funcionarios de Justicia -de la que tuvimos noticia a través de los medios- la abogacía gallega mostró profunda preocupación por las consecuencias que podría provocar en el funcionamiento de un servicio ya afectado de deficiencias, cuya corrección venimos demandando desde hace tiempo desde los Colegios, Consello da Avogacía Galega, y Consejo General de la Abogacía Española.

El respeto al legítimo derecho de huelga ejercido por los trabajadores de los juzgados y tribunales gallegos y la consideración que las partes merecen en orden a presumirles la capacidad de dialogar, negociar y resolver el conflicto, motivaron la neutralidad que desde el principio mantuvo la abogacía.

La neutralidad fue una postura criticada, pero fue meditada y nada extraña en quienes trabajamos precisamente en la solución de conflictos, mediando, asesorando, conciliando, o defendiendo. Las reivindicaciones, las medidas adoptadas para satisfacerlas, el conflicto y los métodos de solución -materias sobradamente conocidas por los abogados - estaban en manos de las partes protagonistas: Comité de Huelga y Xunta de Galicia. Nos correspondía a nosotros confiar en que las manejarían con la responsabilidad, habilidad y prudencia suficiente y que alcanzarían un acuerdo.

La paciencia inicial incluso resultó justificada cuando supimos, también por los medios de comunicación, que ambas partes habían resuelto satisfactoriamente algunas de las reivindicaciones, y que mantenían el diálogo abierto en pro de una solución consensuada para el resto. Pero, rotas las negociaciones, volvió, con el desconcierto, la inquietud ante la incertidumbre de un final próximo a una situación cuya prolongación en el tiempo incrementa exponencialmente los perjuicios que la paralización del servicio de la justicia causa a la sociedad y al Estado de Derecho.

Retomadas las negociaciones sin éxito, el Consejo de la Abogacía Gallega, manteniendo la debida neutralidad y sin ánimo de interferir, se prestó a ofrecer fórmulas de solución del conflicto, con el incuestionable propósito de procurar la más pronta solución a la situación. El paro, prolongado a más de 75 días, está provocando gravísimas consecuencias, no ya a las partes implicadas o a los profesionales de la abogacía y de la procura, directamente afectados en su actividad diaria, sino a quien el servicio de la justicia va destinado: la ciudadanía, espectadora de una continuada vulneración a su derecho a la tutela judicial efectiva.

Con tal fin, desde el Consello se promovió la última reunión mantenida, celebrada el pasado 17 de abril, en la que, ante nuestra perplejidad y por razones ajenas a la abogacía gallega, las partes acabaron levantándose de la mesa sin acuerdo ni acercamientos y, lo que es peor, con las negociaciones interrumpidas *sine die*.

Lamentablemente, la abogacía gallega no puede permanecer por más tiempo esperando pacientemente una solución que no se ve llegar, mientras la ciudadanía y nuestros



clientes padecen los irreparables perjuicios de una situación que no comprenden, y que nosotros mismos nos vemos obligados a explicarles.

Nuestro indudable sacrificio, pues como profesionales autónomos no podemos recuperar el perjuicio económico padecido, ni siquiera es comparable con el gravísimo perjuicio que sufre la sociedad con una Justicia detenida.

No está en nuestras manos la solución, pero sí es nuestra responsabilidad defender los derechos de nuestros clientes y evitarles perjuicios injustos.

Por esa razón, el Consello ha procedido a remitir comunicaciones a todas las instancias involucradas en la administración de justicia, exigiendo el efectivo cumplimiento de los servicios mínimos, y su ampliación si fuera preciso; agilidad en las tramitaciones de los asuntos urgentes; eficacia en las resoluciones de los inaplazables, y atención y respeto en la prestación del servicio de la Justicia.

La abogacía gallega exige una justicia próxima, ágil, eficaz y atenta, que cumpla respetuosamente las expectativas que la ciudadanía tiene en ella, que garantice sus derechos, y que no lesione el que avala todos ellos: el derecho a la tutela judicial efectiva.